



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Matemáticas: Cálculo II

|                       |  |        |       |              |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia               | Matemáticas:<br>Cálculo II   |        |       |              |
| Código                | V09G310V01204  |        |       |              |
| Titulación            | Grao en<br>Enxeñaría dos<br>Recursos Mineiros<br>e Enerxéticos   |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS  | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6  | FB     | 1     | 2c           |
| Lingua de impartición | Castelán   |        |       |              |
| Departamento          | Matemática aplicada II   |        |       |              |
| Coordinador/a         | Álvarez Vázquez, Lino José   |        |       |              |
| Profesorado           | Álvarez Vázquez, Lino José<br>Martínez Varela, Áurea María   |        |       |              |
| Correo-e              | lino@dma.uvigo.es  |        |       |              |
| Web                   | <a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>  |        |       |              |
| Descrición xeral      | Na materia de Cálculo II do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos proporciónase formación básica e común á rama da enxeñaría. Tal e como consta na memoria do grao, tras finalizar o cuadrimestre o alumno deberá ser capaz de formular, resolver e interpretar matemáticamente problemas propios da enxeñaría. Para iso, ao superar a materia, deberá saber calcular integrais de funcións dunha e de varias variables, coñecer o seu significado e dominar con soltura os métodos numéricos básicos de aproximación de integrais. Doutra banda, ten que familiarizarse co manexo e resolución de ecuacións diferenciais de primeira orde e superior. Todos estes contidos son relevantes para varias materias que debe cursar simultaneamente ou posteriormente na titulación. |        |       |              |

## Competencias

|        |   |
|--------|---|
| Código |   |
| C1     | Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que podan plantexarse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álgebra lineal; xeometría; xeometría diferencial; cálculo diferencial e integral; ecuacións diferenciais e en derivadas parciais; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización.                                |
| C7     | Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que podan plantexarse na enxeñaría.  |
| C9     | Coñecementos de cálculo numérico básico e aplicado á enxeñaría.   |
| D1     | Capacidade de interrelacionar todos os coñecementos adquiridos, interpretándoos como compoñentes dun corpo do saber cunha estrutura clara e unha forte coherencia interna.  |
| D4     | Favorecer o traballo cooperativo, as capacidades de comunicación, organización, planificación e aceptación de responsabilidades nun ambiente de traballo multilingüe e multidisciplinar, que favoreza a educación para a igualdade, para a paz e para o respecto dos dereitos fundamentais.   |
| D5     | Coñecer as fontes necesarias para dispoñer dunha actualización permanente e continua de toda a información precisa para desenvolver o seu labor, accedendo a todas as ferramentas, actuais e futuras, de busca de información e adaptándose aos cambios tecnolóxicos e sociais.   |
| D10    | Tomar conciencia da necesidade dunha formación e mellora continua de calidade, desenvolvendo valores propios da dinámica do pensamento científico, mostrando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinións ou situacións diversas, en particular en materia de non discriminación por sexo, raza ou relixión, respecto aos dereitos fundamentais, accesibilidade, etc. |

## Resultados de aprendizaxe

|                                 |                                       |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---------------------------------------|

|   |    |     |
|---|----|-----|
| O obxectivo que se persegue con esta materia é que o alumno adquira o dominio das técnicas básicas do cálculo integral e as súas aplicacións. Ao termo desta materia espérase que os alumnos aprendese a: | C1 | D1  |
| - Comprender os fundamentos básicos da teoría da integración de funcións dunha e varias variables.  | C7 | D4  |
| - Manexar as técnicas elementais de integración de ecuacións diferenciais ordinarias.   | C9 | D5  |
|   |    | D10 |

### Contidos

| Tema   |   |
|--|---|
| 1. Cálculo integral de funcións dunha variable.                  | Xeneralidades: A integral de Riemann. Funcións integrables. Teorema fundamental do cálculo integral. Teorema do valor medio. Regra de Barrow. Cálculo de primitivas: integración por partes e cambio de variable. Integrais impropias.  |
| 2. Métodos numéricos de integración en R.                        | Fórmulas de cuadratura de tipo interpolatorio polinómico. Propiedades. Erro de interpolación. Casos particulares: Poncelet, Trapecio e Simpson. Fórmulas de cuadratura composta.  |
| 3. Cálculo integral de funcións de varias variables.             | Integrais dobres e triples en rexións elementais. Cambio da orde de integración. Cambio de variable. Coordenadas polares. Coordenadas cilíndricas e esféricas.  |
| 4. Ecuacións diferenciais ordinarias.                            | Xeneralidades sobre as ecuacións diferenciais. Concepto de solución. Ecuacións diferenciais de primeira orde. Existencia e unicidade de solución. Ecuacións autónomas. Ecuacións en variables separadas. Ecuacións homoxéneas. Ecuacións exactas. Ecuacións lineais. Familias de curvas. Traxectorias ortogonais. |
| 5. Ecuacións diferenciais ordinarias de orde superior.           | Ecuacións diferenciais de segunda orde e orde superior. Ecuacións diferenciais lineais homoxéneas e non homoxéneas. Ecuacións diferenciais lineais con coeficientes constantes. Método de coeficientes indeterminados. Método de variación de parámetros. Ecuación de Cauchy-Euler.                               |
| 6. Métodos numéricos para ecuacións diferenciais ordinarias.     | Métodos para problemas de valor inicial: métodos dun paso, métodos multipaso, métodos predictor-corrector. Métodos para problemas de contorno: Métodos de tiro, métodos de diferenza finitas.   |
| 7. Introducción ás ecuacións diferenciais en derivadas parciais. | Clasificación: ecuacións elípticas, hiperbólicas e parabólicas. Problemas con valores na fronteira e problemas de valor inicial. Exemplos: ecuación de Laplace, ecuación da calor e ecuación de ondas.  |

### Planificación

|  | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| Sesión maxistral                             | 30            | 60                 | 90           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios      | 10            | 20                 | 30           |
| Prácticas de laboratorio                     | 5             | 8.75               | 13.75        |
| Resolución de problemas e/ou exercicios      | 5             | 8.75               | 13.75        |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2.5           | 0                  | 2.5          |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|   | Descrición  |
|---|---|
| Sesión maxistral                        | O profesor exporá neste tipo de clases os contidos teóricos da materia.   |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Nestas horas de traballo o profesor resolverá problemas de cada un dos temas e introducirá novos métodos de resolución non contidos nas clases maxistras desde un punto de vista práctico. O alumno tamén deberá resolver problemas propostos polo profesor co obxectivo de aplicar os coñecementos adquiridos. |
| Prácticas de laboratorio                | Nestas prácticas utilizaranse a ferramenta informática MATLAB (ou outra similar) para estudar os métodos numéricos de aproximación de integrais e de resolución de ecuacións diferenciais ordinarias descritos nos temas 2 e 6 da materia.  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                            | Descrición   |
|---|--|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos. Atenderanse dúbidas tanto de forma presencial, en especial nas clases de problemas e laboratorios e nos horarios de titorías, como de forma non presencial mediante a plataforma Fatic. |
| Prácticas de laboratorio                | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos. Atenderanse dúbidas tanto de forma presencial, en especial nas clases de problemas e laboratorios e nos horarios de titorías, como de forma non presencial mediante a plataforma Fatic. |

|                  |   |
|------------------|---|
| Sesión maxistral | O profesor atenderá persoalmente as dúbidas e consultas dos alumnos. Atenderanse dúbidas tanto de forma presencial, en especial nas clases de problemas e laboratorios e nos horarios de titorías, como de forma non presencial mediante a plataforma Faitic. |
|------------------|---|

| <b>Avaliación</b>                            |  |               |                                       |                       |
|--|--|---------------|---------------------------------------|-----------------------|
|  | Descrición   | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |                       |
| Resolución de problemas e/ou exercicios      | <p>A avaliación será preferentemente continua. O alumno, nas primeiras semanas de clase, entregará ó profesorado da materia un formulario para inscribirse neste tipo de avaliación. Unha vez expresado o seu desexo por escrito de non participar, xa non poderá darse de alta da avaliación continua. A avaliación continua consta das probas que se detallan a continuación e nas que o alumno resolverá, ao longo das 10 prácticas de laboratorio, problemas e exercicios dos temas que se indican nos seguintes puntos:</p> <p>* Catro sesións de problemas dunha hora:<br/>Primeira sesión: Tema 1 (práctica da semana 2)<br/>Segunda sesión: Tema 3 (práctica da semana 5)<br/>Terceira sesión: Tema 4 (práctica da semana 7)<br/>Cuarta sesión: Tema 5 (práctica da semana 9)</p> <p>* Dous sesións de laboratorio de media hora:<br/>Primeira sesión: Tema 2 (práctica da semana 3)<br/>Segunda sesión: Tema 6 (práctica da semana 10)</p> <p>Estas seis probas suman un 30% da nota tendo cada unha un peso dun 5%.</p> <p>Resultados de aprendizaxe: Comprender os fundamentos básicos da teoría da integración de funcións dunha e varias variables, e manexar as técnicas elementais de integración de ecuacións diferenciais ordinarias.</p> | 30            | C1<br>C7<br>C9                        | D4                    |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | <p>Esta proba é o exame final da avaliación continua, que se realizará unha vez rematadas as clases, cun peso do 70% da nota, nas datas fixadas pola Xunta de Escola (que poden ser consultadas na páxina web do Centro).</p> <p>Resultados de aprendizaxe: Comprender os fundamentos básicos da teoría da integración de funcións dunha e varias variables, e manexar as técnicas elementais de integración de ecuacións diferenciais ordinarias.</p>   | 70            | C1<br>C7<br>C9                        | D1<br>D4<br>D5<br>D10 |

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Aqueles alumnos que non participen na avaliación continua, poderanse presentar a un exame final de todos os temas da materia na mesma data que a do exame final da avaliación continua. Nesta outra modalidade serán avaliados de 0 a 10 puntos.

No día do exame de recuperación, fixado pola Xunta de Escola (que pode ser consultado na páxina web do Centro), os alumnos que elixiron avaliación continua, poden optar a un exame que representa o 70% da nota. En caso de non haber elixido esta opción, o exame de recuperación será de todos os temas da materia, e será avaliados de 0 a 10 puntos.

Finalmente, un alumno considerárase non presentado se non se presenta a ningunha das probas ou exames da materia. En caso contrario considérase presentado e polo tanto recibirá a nota que lle corresponda.

#### Calendario de exames:

- Convocatoria Fin de Carreira: 16:00 ☐ 21/10/2015
- Convocatoria ordinaria 2º período: 16:00 ☐ 23/05/2016
- Convocatoria extraordinaria xullo: 16:00 ☐ 06/07/2016

Esta información pódese verificar/consultar de forma actualizada na páxina web do centro:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?id=181>

---

**Bibliografía. Fuentes de información**

J. Stewart, **Cálculo: Conceptos y contextos**, Thomson,

E. Marsden - A.J. Tromba, **Cálculo vectorial**, Pearson-Addison,

D.G. Zill - M.R. Cullen, **Matemáticas avanzadas para ingeniería: Ecuaciones diferenciales**, McGraw-Hill,

A. Quarteroni - F. Saleri, **Cálculo científico con Matlab y Octave**, Springer,

---

**Recomendaciones****Materias que se recomienda cursar simultáneamente**

Informática: Estadística/V09G290V01203

---

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Matemáticas: Álgebra lineal/V09G290V01103

Matemáticas: Cálculo I/V09G290V01104

---